APRENDER A UTILIZAR FUNCIÓNS

Recordemos que unha función é necesaria para que as nosas instrucións sexan máis concretas e poidamos simplificalas cando se repiten.
Se nos fixamos na seguinte instrución vemos que hai repeticións

Se escribimos o algoritmo sería:
Avanzar ,avanzar, avanzar,avanzar.

¿Como poderíamos simplificar o algoritmo? Pois empregando comandos

¿Como creamos os comandos?

Empregamos números para indicar o que temos que movernos e letras para indicar cara onde nos movemos.

U- Arriba.
D- Abaixo.
L- Esquerda.
R- Dereita.

Exemplo : Se queremos avanzar 5 pasos cara a dereita o comando será R5, se queremos baixar 2 pasos o comando será D2

Colle un papel cuadriculado e a debuxar!!!! Recorda que cada cadradiño é 1 paso.

a) R3U3L3D3
b) D4R3U2L3
c) U3R3D1
d) D4R3

Agora o que debes facer e dar os comandos para poñer as iniciais do teu nome e apelidos. Os pasos que seguiremos son os seguintes:

- Debuxa as letras das túas inicias nun papel cuadriculado. Se algunha das letras ten trazos inclinados convirteas en trazos verticias e horizontais. Por exemplo nas letras M,N,V.

- Escribe os comandos para poder debuxalas noutro papel.

Agora meteremos os papeis dos comandos nunha caixa e cada un de vos ten que coller un e terá que debuxar seguindo as instruccións.